

ENTREVISTA SIMONE DE BEAUVOIR. JEAN-LOUIS SERVAN-SCHREIBER (Abril, 1975)

1. Unha das teses de *O segundo sexo* é que “non se nace muller, chégase a selo”. Trata de explicar esta idea central do pensamento da filósofa francesa.
2. ¿A condición da muller ven determinada principalmente pola bioloxía? Responde á cuestión empregando as categorías de *sexo* e *xénero*.
3. ¿Que significa que a feminidade é unha *construción*?, ¿quen a constrúe?, ¿por que?, ¿como se constrúe? Aporta algún exemplo extraído da entrevista.
4. ¿Que críticas plantexa Simone de Beauvoir ás políticas en favor das mulleres implementadas polo goberno francés da súa época?
5. ¿Que comenta a pensadora feminista respecto da loita de clases e da loita de sexos?, ¿trátase do mesmo combate?, ¿a revolución das clases traballadoras conduce necesariamente á emancipación das mulleres?, ¿que ten de específica a loita das mulleres?
6. ¿Que reflexións apunta a filósofa a propósito do tema muller e traballo?, ¿que xornada teñen que cubrir as mulleres traballadoras?, ¿en que espazos se desenvolve o seu traballo?, ¿cal sería o seu ámbito propio, segundo a mentalidade dominante?, ¿cambia substancialmente a situación das mulleres que traballan en función das clases sociais?, ¿que relevancia ten o traballo remunerado para as mulleres?
7. ¿Explica o significado do termo *sexismo*? Ilustra a resposta con exemplos extraídos da entrevista.
8. ¿Cales son os desafíos e os retos principais e inmediatos aos que se ten que enfrontar o feminismo nos próximos anos, segundo Simone de Beauvoir?, ¿como valorarías a súa análise tendo en conta que pasaron cincuenta anos dende esta entrevista?, ¿pensas que os aspectos por ela sinalados xa se conquistaron ou son reivindicacións que quedan aínda pendentes para o feminismo do século XXI?